

Carpe diem

DEMETRIO LÓPEZ GARRIDO

PARA CARLOS L. BERNÁRDEZ, polo *ROMANCEIRO EN LINGUA GALEGA*

Aínda as xestas brancas non coñecen
O sal nin os solpores dos océanos
Cando da noite xa fulxen os lenzos
¡Qué íntimos frescores de lembranza!

O poldro do verán que se desboca
Entre a espesa humidade da cebada
Insomne o tren sedoso as doces horas
Mortas alarga interminablemente

Adherida nos muros exteriores
Alba de clara escuridade asexá
Licor de améndoas amargas o horizonte

Cercano tanto que os seus ollos venda
E relicario seminal exposto
O desexo expresado nos inicios

Elexía

DEMETRIO LÓPEZ GARRIDO

PARA FERMÍN EZPELETA

Tan só me queda inverno persistente
Chuvia deleble olor dunhas pegadas
Saíndo do burdel os amenceres
Apagados en húmidas farolas

Tan só me queda inverno en van agarda
Dos meus soños o porto sen gaiotas
As rasgadas estelas dos seus ollos
Inútil o querer non hai regreso

Tan só me queda inverno unha figueira
Maldita a raíz do pensamento
Que as ausencias en cinsas a converten

Tan só me queda inverno omnipresente
Relator de distancias que me traen
A dourada fragancia das maceiras.